

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 5 DE AGOSTO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día cinco de agosto de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez e Don Javier Iglesias Sendin.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte e nove de xullo de dous mil trece (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

**OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRAS RIB/SCV/22/09.-**

Visto o escrito presentado por **Dona María del Rosario Rodríguez Vázquez**, , con domicilio na Rúa Tercio de Afora, nº5 P-1, onde solicita Licenza de Obras que consisten na modificación de licenza de obras de reforma de vivenda unifamiliar (se incorpora a uso de vivenda un local de planta baixa), outorgada en data de 07 de novembro de 2011, sita na Rúa Grande nº 15, en San Cristovo, segundo Proxecto Básico e de execución redactado polo arquitecto D. Enrique Otero González

Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 01 de agosto de 2013 e informe xurídico de data 5 de xullo de 2013 no que se conclue o seguinte:

*“Informase favorablemente a modificación da licenza de obras a nome de Dona María del Rosario Rodríguez Vázquez, consistente en incorporar a uso de vivenda un local de planta baixa”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Conceder modificación de licenza outorgada en data de 07 de novembro de 2011, consistente en incorpor a uso de vivenda un local de planta baixa a Dona María del Rosario Rodríguez Vázquez, para rehabilitación de vivenda sita na Rúa Grande nº 15, en San Cristovo.



### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

**Penalización:** O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

**Caducidade:** A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

### **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Rehabilitación de vivenda.

**Contía na que se orzan as obras:** 75.847,91 €.

**Situación e emprazamento das obras:** Rúa Grande nº 15, en San Cristovo


**Redactor do Proxecto:** Don Enrique Otero González

**Dirección de obras:** Don Enrique Otero González

**Nome ou razón social do promotor:** Dona María del Rosario Rodríguez Vázquez.

**Liquidación do ICIO:** Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 75.847,91 euros, practícase liquidación aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, por importe de 1.972,05 euros.

Importe execución material / coste da obra:	75.847,91 €
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	1.972,05 €
Aboado por autoliquidación:	0,00 €
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	1.972,05 €



**EXPEDIENTE SCV/S/22.2/09 DE LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.-**

Visto o escrito de Dona María del Rosario Rodríguez Vázquez, onde solicita licencia de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar sita na Rúa Grande nº 15, en San Cristovo.

Visto o informe da Arquitecto Municipal de data 30 de xullo de 2013.

A Xunta de Goberno Local, en uso das facultades delegadas pola Alcaldía, por unanimidade dos asistentes, acorda:

**Primeiro.-** Conceder Licenza de PRIMEIRA OCUPACIÓN a Dona María del Rosario Rodríguez Vázquez, para unha vivenda unifamiliar sita na Rúa Grande nº 15, en San Cristovo.

**Segundo.-** Comunicar o presente acordo ao interesado.

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito de Dona Begoña Puseiras Gómez con data RE 02 de agosto de 2013, Nº RE 4165, sobre denuncia de derruba de camiño.
2. Escrito de Dona Francisco Javier Pérez Martínez, con data RE 02 de agosto de 2013, Nº RE 4168, comunicando informe da inspección de traballo.

**CUALIFICACIÓN DEFINITIVA RIB/S/72.1/01.-**

Visto o expediente a nome de **DON ENRIQUE RODRÍGUEZ ÁLVAREZ** con domicilio na Rúa Hermanos Álvarez nº 5, Cortegada, relativo á subvención para actuacións no 11º Convenio de Actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, na obra sita na Rúa Porta Nova de Arriba nº 3, baixo e 1º, en Ribadavia.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.600,00 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000,00 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza Reguladora das Actuacións de Rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.



**CUALIFICACIÓN DEFINITIVA RIB/S/72.2/01.-**

Visto o expediente a nome de **DON ENRIQUE RODRÍGUEZ ÁLVAREZ** con domicilio na Rúa Hermanos Álvarez nº 5, Cortegada, relativo á subvención para actuacións no 11º Convenio de Actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, na obra sita na Rúa Porta Nova de Arriba nº 3, 2º e 3º, en Ribadavia.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.600,00 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000,00 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza Reguladora das Actuacións de Rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

**CUALIFICACIÓN DEFINITIVA RIB/S/218/07.-**

Visto o expediente a nome de **DONA MARÍA BEGOÑA BARREIRO MIRANDA** con domicilio na Rúa Mar Báltico nº 157, Oasis de Benalmar, en Benalmádena Costa, Málaga, relativo á subvención para actuacións no 11º Convenio de Actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, na obra sita na Rúa San Martín nº 4, en Ribadavia.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.600,00 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000,00 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza Reguladora das Actuacións de Rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

**CUALIFICACIÓN DEFINITIVA SCV/S/22/09.-**

Visto o expediente a nome de **DONA MARÍA DEL ROSARIO RODRÍGUEZ VÁZQUEZ** con domicilio na Rúa Tercio De Afora nº 5, P 1, en Vigo, relativo á subvención para actuacións no 3º Convenio de Actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de San Cristovo, na obra sita na Rúa Grande nº 15, en San Cristovo.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 5.000,00 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000,00 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza Reguladora das Actuacións de Rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.



**ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-**

1.- Visto o escrito presentado por **Dona Cristina Álvarez Almuiña**, con domicilio na Rúa Muñoz Calero 17, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Muñoz Calero nº 17, portal 1, 1º B, en San Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 05-07-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

2.- Visto o escrito presentado por **Dona Dolores Raquel Álvarez Guntín**, con domicilio na Rúa Saenz Diez 45, 8º C, en Ourense, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Progreso 52, en San Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 18-07-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

**4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Consellería de Traballo e Benestar con data RE 02 de agosto de 2013, Nº RE 4162, sobre requerimento de documentación en relación coa subvención TR301K.
2. Comunicación do Ministerio de Economía e Administración Públicas, con data RE 02 de agosto de 2013, Nº RE 4161, sobre requerimento de documentación en relación coa subvención TR301K.
3. Comunicación de Presidencia, con data RE 01 de agosto de 2013, Nº RE 4129, relativo a outorgamnto de subvención para a contratación de persoal nas oficinas de turismo.
4. Comunicación do Ministerio de Sanidad con data RE 29 de xullo de 2013, Nº RE 4095, relativo a inicio de expediente de reintegro por importe de 9.000 euros.
5. Comunicación do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Ourense en relación co procedemento de execución definitiva de títulos xudiciais nº28/2013A, outorgando un prazo dun mes para proceder ao pagamento das débedas..
6. Comunicación do Ministerio de Economía e Administracións Públicas data RE 02 de agosto de 2013, Nº RE 4161 en relación cos novos puntos de información catastral.



7. Comunicación da Inspección de Traballo con data RE 01 de agosto de 2013, N° RE 4152, relativo a requerimento para a realización do Plan de Riscos Laborais.

## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE AUXILIAR OFICINA DE TURISMO.-**

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 05.08.2013, en base a comunicación recibida de data 01 de agosto de 2013 de Presidencia, pola que se comunica que se procede ao outorgamento dunha subvención, para a contratación de dúas persoas a tempo parcial, para a oficina de turismo por un importe de 4.294,14 euros

No expediente constan os seguintes elementos:

1. Bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 05.08.2013.
2. Informe de Alcaldía , xustificando a contratación de data 05.08.2013
3. Informe xurídico de data 05.08.2013.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir dúas prazas de auxiliar oficina de turismo.

## **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

A circular stamp of the Concello de Ribadavia, featuring a coat of arms in the center. The text around the border reads "Ilust. Concello de Ribadavia (Ourense)". A large, stylized signature is written over the stamp.

A circular stamp of the Concello de Ribadavia, featuring a coat of arms in the center. The text around the border reads "Ilust. Concello de Ribadavia" and "SECRETARÍA". A large, stylized signature is written over the stamp.